

Despois de varios meses dende o cambio de ministerio, o 25 de xuño constituíronse a Mesa Delegada e a Subcopa do Departamento.

A día de hoxe, o Ministerio aínda non xestiona todos os seus servizos. Por exemplo, en materias como acción social e formación, o persoal da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestructuras Dixitais depende do Ministerio de Economía, onde estaban integrados anteriormente e a parte de Función Pública depende do Ministerio de Facenda, onde estaba adscrita ata a creación deste novo departamento ministerial.

Esta reunión foi unha formalidade para poder empezar a traballar sobre as materias que o Ministerio ten que negociar coa representación do persoal.

Como novidades podemos destacar as seguintes:

- O Ministerio está pendente de recibir orzamento e efectivos dos Ministerios de Facenda (pola parte de Función Pública) e de Economía (Secretarías de Estado de Telecomunicacións e Infraestructuras Dixitais e de Dixitalización e Intelixencia Artificial).
- A reclasificación de niveis derivada do RD ley 6/2023 que modificou os niveis mínimos de cada grupo. está pendente de mecanizar en SIGPE debido á falta de persoal na Subsecretaría. Isto implica que as persoas afectadas non van cobrar ata que remate a mecanización. Terá efectos económicos desde o 01/01/2023 e afecta arredor de 500 postos de traballo.
- Prevén que coa incorporación de novos efectivos do grupo C1 o vindeiro mes podan axilizar o traballo acumulado.
- Os orzamentos do Estado que se aproben para o ano 2025 facilitarán o funcionamento do Ministerio xa que terá as súas propias dotacións. A día de hoxe, cos orzamentos do 2023 prorrogados, isto non sucede, xa que este departamento no estaba contemplando nos mesmos.
- Vaise elaborar un novo Plan de Traballo a Distancia que unifique a todos os servizos do Ministerio. A idea inicial é que se poida teletraballar 3 días se dependendo da unidade de destino esto fose posible (se houbese ou non atendimento ao público, por exemplo). A día de hoxe, a esixencia para poder teletraballar é que o 40% do persoal esté presencial pero é posible que nalgúns unidades isto se modifique reducindo a porcentaxe. O motivo é que nas dependencias dos servizos centrais non teñen suficiente espazo para meter a todo o persoal.
- Para a OEP 2024 o Ministerio está pendente de solicitar os efectivos que precisa a Función Pública, o que non quere dicir que esta os dé.
- Vaise implantar na Coruña a Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA). O seu cadro de persoal está en proceso de elaboración para enviar a Función Pública. A CIG pediu máis información por escrito e estamos á espera da contestación.
- Teñen pensado iniciar as convocatorias de concursos no mes de xullo.

